

PROXECTO DE INTRODUCCIÓN ÁS TIC.

1. COMPOSICIÓN DO EQUIPO TIC

O Equipo de Tics está composto por:

- Noé Rañón Vilela (coordinadora)
- Luciana Sobrado Menoni
- Teresa Barrientos Murias
- Ana Cristina Barbeito Fraga
- Alberto Bértola Bértola

2. OBXECTIVOS XERAIS

En base ao **Decreto 150/2022**, do 8 de setembro, polo que se establece o currículo na Educación Infantil e Primaria en Galicia, destacamos os seguintes obxectivos para o presente curso en relación ás TIC:

- Impulsar o uso das TIC como ferramenta de traballo, tanto no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado coma no traballo xeral do profesorado (programas e recursos en rede).
- Proporcionar ó alumnado a formación necesaria para acadar un nivel básico de competencia dixital.
- Potenciar a capacidade de razoamento do alumnado, as posibilidades de creación, a motivación e o seu afán de coñecemento (procura e selección de información).
- Mellorar as medidas de reforzo e de atención á diversidade.
- Compensar as limitacións de acceso ás TIC derivadas das desigualdades sociais.
- Proporcionar ao alumnado a formación precisa para chegar a un uso responsable das TIC.

- Empregar as TIC como recurso imprescindible para o desenvolvemento do plan lector e a xestión da biblioteca.
- Participar e iniciarse, dende a comunidade educativa, na páxina web do centro, así como a creación de blogues e a dinamización do blogue da biblioteca.
- Impulsar a comunicación e o intercambio de información con outros centros e localidades mediante o uso do correo, o acceso a foros, chat, listas de distribución...
- Aprender a empregar a aula virtual do centro onde se colgarán contidos das diferentes áreas. No caso de que volvese o período de continxencia, seguiríamos empregando este portal a distancia para manter o ritmo das aulas.
- Iniciase no uso didáctico dos recursos propios dos Polos Creativos

3. AS TIC EN EDUCACIÓN INFANTIL

Os alumnos da etapa de Educación Infantil deben familiarizarse coas Tics, dunha forma lúdica e divertida, ao mesmo tempo que traballan contidos e obxectivos curriculares. Así os contidos a traballar son:

- Uso e coidado básico do ordenador: acendido e apagado, control do rato e recoñecemento e uso dalgúns botóns do teclado.
- Uso de software educativo: para aprender letras, facer quebracabezas ou colorear.
- Visionado de películas, fotografías, imaxes e información de interese.
- Coñecemento e valoración das TIC como ferramenta de creación, expresión e comunicación.
- Uso do encerado dixital interactivo.

A metodoloxía máis adecuada consiste en usar o recuncho TIC dispoñible na aula, así como acudir a aula de informática de forma periódica.

4. AS TIC EN 1º E 2º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Os alumnos/as destes cursos deben familiarizarse co emprego das TIC de forma responsable, dunha maneira lúdica e divertida, ao mesmo tempo que traballando os contidos e obxectivos curriculares. Os contidos a traballar son:

O Manexo básico do teclado: no emprego da aplicación informática LibreOffice/Word (procesador de textos e presentacións):

- Elaboración/copia de frases ou información moi concreta.
 - Coñecemento e uso das botoeiras máis empregadas (intro, espaciado, maiúsculas, suprimir)
 - Cambios no formato da letra.
 - Inserción de imaxes.
-
- || Busca de información e de xogos educativos en internet.
 - || Aprender a buscar, seleccionar e valorar información na rede, para que sexa un recurso educativo.
 - || Introducirse no manexo da P.D.I.
 - || Colaborar na montaxe da revista escolar.
 - || Actividades complementarias relacionadas cos contidos académicos das distintas áreas.
 - || A cámara dixital.
 - || O uso do encerado dixital interactivo.

A metodoloxía máis adecuada consiste en usar o recuncho Tic dispoñible en cada aula, así como acudir a aula de informática de forma periódica.

5. AS TIC EN 3º E 4º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Nestes cursos se continuará co uso das Tic na práctica diaria de forma que se integre a aprendizaxe dos fundamentos informáticos imprescindibles coa súa aplicación curricular.

Para iso seguiremos un currículo en espiral que, comezando polo máis sinxelo e elemental, vaia ampliando e afondando nas aprendizaxes. O traballo xirará en torno a catro eixes:

Utilización de software educativo adaptado aos obxectivos e contidos:

1 Emprego de aplicación, recursos educativos

2 Actividades creadas polos Mestres/as

3 Actividades de robótica

4 Ciberseguridade

- Navegación: busca e selección de información en internet sobre contidos educativos, consulta de enciclopedias, bibliotecas virtuais, actividades de animación lectora...
- Procesador de textos: elaboración de traballos empregando funcións básicas do Word e manexo do teclado.
- Programas de creación e manipulación de imaxes, sons e vídeos.
- Introducirse no manexo da P.D.I.
- Colaborar na montaxe da revista escolar

6. AS TIC EN 5º E 6º CURSOS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

En estes cursos continuaremos utilizando todos os medios que ofrecen as Tic, pero dada a experiencia acumulada e a maior idade, poderemos abordar tarefas máis complexas. O traballo se entornará en torno aos seguintes eixes:

- Uso de software adaptados aos contidos e obxectivos propios do curso.
- Uso de internet, de xeito responsable: navegación por páxinas webs (busca e análise

de información para realizar traballos, traballos de investigación, lectura de artigos e textos literarios.) ou emprego de correoselectrónicos.

- Uso de procesador de texto: dominio do word (creación de textos) e iniciación ao powerpoint (creación dunha presentación sinxela).
- Programas de imaxes, sons e vídeos.
- Uso e manexo do pendrive.
- Introducirse no manexo da P.D.I.
- Colaborar na montaxe da revista escolar
- Robótica

7. TIC COMO RECURSO PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Nestes momentos as TIC están desenvolvendo múltiples funcións dentro do ámbito da orientación e o apoio ó alumnado con necesidades:

- Ferramenta para a avaliación e o diagnóstico, información e actualización das aprendizaxes, motivación do alumnado con dificultades na aprendizaxe.

8. TIC E XESTIÓN/ORGANIZACIÓN DO CENTRO

- || Comunicación co entorno e as familias mediante o blogue da biblioteca e a web do centro.
- || Comunicación máis directa coa Administración Educativa mediante o correo electrónico e as páxinas web (Portal Educativo da Xunta).
- || Xestión do centro: secretaría e biblioteca (programa Meiga)

A web do centro:

A través da web preténdese implicar máis a comunidade educativa na vida do centro. Nesta colocaranse novas relacionadas co centro, así como información de interese para o alumnado, as familias e o profesorado.

O blogue do centro:

O blogue do centro tamén está orientado para a comunicación coa comunidade educativa, aínda que este portal está máis centrado na difusión, promoción e actualización das ligas deportivas escolares que se realizan durante os recreos, de feito tanto o alumnado, como as súas familias podan seguir estes eventos.

9. ORGANIZACIÓN DAS TIC NO CENTRO

Aula de informática

Permanece aberta durante todo o horario lectivo, contando cun horario. Dispón de 20 ordenadores de mesa, un encerado dixital, 1 PC portátil, 9 altofalantes, 2 Ethernet Switch, un proxector e uns auriculares con micrófono.

Ludoteca

O alumando pode facer uso de ela tanto en horario lectivo como en horario de lecer. Na ludoteca hai 4 ordenadores portátiles e 1 ordenador na mesa do Mestre e 1 encerado dixital para o visionado de contido multimedia.

As aulas

As aulas do centro como a aula de infantil de 4 anos, aula de inglés, aula de 5º e

6º de primaria teñen proxector dixital, así como de conexión a internet dende os dispositivos portátiles destinados a cada nivel.

Sala de mestres/as

Na sala de mestres hai dous ordenadores de mesa con conexión a internet. Ambos os dous ordenadores están conectados a unha impresora/fotocopiadora e escáner, para uso exclusivo do profesorado.

Secretaría e Dirección.

Estes despachos contan tamén co seu equipo informático con conexión a fotocopiadora e a internet.

Aula de PT e despacho de Orientación.

Teñen tamén un equipamento informático. As mestras de AL e de EF dispoñen dun ordenador portátil para usar na súa labor docente.

Conserxaría.

O espazo de conserxaría conta cunha fotocopiadora a disposición do profesorado.

10. AVALIACIÓN

A avaliación irá enfocada ao alumnado, ao profesorado (autoavaliación) e aos recursos TIC existentes no centro.

Será unha avaliación inicial, continua e final co fin de determinar :

- a. Nivel de competencia do alumnado en canto ao manexo das TIC.
- b. Motivación, interese do alumnado.

- c. Inclusión das TIC nas programacións como recurso interdisciplinar e como contido académico.

- d. Análise cualitativo e cuantitativo dos recursos TIC existentes no centro.

- e. Valoración da utilidade das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

Os métodos empregados serán a observación, as enquisas e o traballo do alumnado que ao final da Educación Primaria terá que amosar destrezas relacionadas cun uso responsable das TIC.

Con respecto a avaliación inicial podemos sinalar a necesidade de mellorar a dotación de recursos se queremos impulsar o uso e acceso ás TIC no centro. Sería oportuno contar con máis equipos informáticos, partindo da matrícula do centro (156 alumnos/as) , tanto para o equipamento da aula de informática como das demais aulas, e a renovación dalgúns medios audiovisuais.

INVENTARIO

- Ordenadores: en cada mesa instalaranse dous equipos.

- Ao fondo da aula dispoñemos de tableiro dixital

- Un ordenador portátil por aula

- Un recuncho Tic en cada aula

- A ludoteca está dotada de 4 ordenadores para o alumnado e 1 para o profesorado
- 3 tabletas para o uso do alumnado.